

Saladina Riveiro Tomé

Veciña do Pazo, tanto Saladina como a súa irmá, Pérsida Riveiro Tomé, foron rapadas logo do golpe de Estado. A memoria oral gardou que as subiron a unha camioneta xunto con outras mulleres de Mourente, como Celia Reboredo, a Ghimarana, ou Argentina Villaverde, que estaba embarazada de Alfredo Oliveira, fusilado en Ferrol en outubro de 1936.

Tamén quedou na memoria do Pazo que despois lle cortaron o pelo a outra veciña por afearlles aos cívicos a rapa das mulleres do camiión, pero non hai certeza no nome. Non foron nin Saladina nin Pérsida pois, segundo esa mesma memoria, a elas rapáronas por ser de esquerdas:

“Saladina non se escondía, ela pensaba así e dicíao. Non se escondía. Era guerreira. E Pérsida tamén era moi de esquerdas, moito. A Pérsida era de esquerdas completa”.

Flora Villaverde, filla de Pepe o Pacheco¹

Nas veciñas de máis idade ficou a idea de que a presión dos cívicos fora especialmente dura con Pérsida:

¹ Pepe, o Pacheco, era o dono da taberna con ultramarinos do Pazo



“Pérsida era unha irmá solteira de Saladina. Viviu aí nesa casa e pasou moito naquela época. Dicían que coa defunta de Pérsida se meteran moito, horrible, que ían de noite... non sei, nós eramos rapazas, non facías caso e ademais ocultábase moito, pero dicían que os cívicos lle *deran moi mala vida, que lle pegaban, non sei...*”.

Mucha Santomé, veciña do Pazo

Porén, na familia Riveiro non ficaron moitas lembranzas daquel tempo. Ana Filgueira Riveiro, a filla de Saladina, sabía da rapa pero nunca coñeceu cal era a ideoloxía da súa nai. Só lle escoitou falar dos falanxistas no medio dunha anécdota na que se agochaba deles e ao seu paso simulaba o canto do galo.

Cando foi da rapa, Saladina aínda era unha rapaza e estaba solteira pero, co tempo, casou con Inocente Filgueira Pérez, que tiña a mesma ideoloxía dela. No libro Mourente nos anos do medo, Xosé Álvarez Castro, explica que era albanel e estaba afiliado á UXT e, aínda que o informe policial redactado logo do golpe recollía que “non se comprobou a súa participación nos sucesos revolucionarios nin que estivera armado en Pontevedra”, estivo preso en San Simón. Logo traballou nas minas de Volframio, xunto con outros veciños da parroquia, como o seu cuñado, José Riveiro Tomé, ou José Villaverde Cendón.

O irmán de Inocente, Eugenio Filgueira Pérez, casou con Maruja Ruibal, da que tamén quedou a idea de que fora rapada. Á familia non lle consta pero si hai constancia de que os seus irmáns Manuel e Pepe pertencían ao Partido Comunista. De feito, Manuel era un destacado dirixente e tras o golpe estivo detido en San Simón.

Eran moitas as familias que gardaban parentesco no Pazo e tamén foron moitas as persoas afectadas pola barbarie fascista que teceron redes de apoio mutuo. Celia Reboredo e Argentina Villaverde foron amigas toda a vida, e o mesmo pasou con Saladina e Obdulia Pérez, a Pataqueira. Tampouco a súa familia pode confirmar se foi rapada, como conta a memoria oral, pola súa relación con Cándido Rodríguez, o Chinchín, tamén preso en San Simón.

O que si lembra Anita Filgueira Riveiro, a filla de Saladina e Inocente, é que a extorsión dos cívicos sobre a súa familia se prolongou no tempo:

“Un dos cívicos traballou gardando os montes e un día colleunos os animais, botounos para unha finca e logo denunciounos e tivemos que ir todos declarar. O que eu chorei. Puxéronos multa por ter os animais aí”.

Anita Filgueira, filla de Saladina Riveiro

Inocente era un dos homes que os sábados, cando chegaba da mina, se xuntaba na de Pepe o Pacheco con outros veciños do Pazo:



“Viña o autobús os sábados e os homes que se xuntaban a falar, normalmente, eran de esquerdas. Os outros xa se separaban máis”.

Flora Villaverde, filla de Pepe o Pacheco

O matrimonio tamén estaba emparentado coa familia de Aurelio Torres, asasinado o 23 de agosto. A súa irmá, Celia Torres, estaba casada cun irmán de Saladina, José Riveiro Tomé, e foi Saladina quen criou a súa filla Solita, pois Celia morreu cando apenas era un bebé.